

• **ECLESIAÍSTICO 15, 15-20: *A ninguén obrigou a ser impío.***

Se queres, gardarás os mandamentos e permanecerás fiel á súa vontade. El púxoche diante lume e auga, estende a túa man ao que queiras. Ante os homes está a vida e a morte, e a cada un daráselle o que prefira. Porque grande é a sabedoría do Señor, forte é o seu poder e veo todo. Os seus ollos miran os que o temen, e coñece todas as obras do home. A ninguén obrigou a ser impío, e a ninguén deu permiso para pecar. Palabra do Señor.

• **SALMO. 118: R/. *Ditoso o que camiña na lei do Señor.***

• **1ª CORINTIOS 2, 6-10: *Deus predestinou a sabedoría antes dos séculos para a nosa gloria.***

Irmáns: Falamos de sabedoría entre os perfectos; pero unha sabedoría que non é deste mundo nin dos príncipes deste mundo, condenados a perecer, senón que ensinamos unha sabedoría divina, misteriosa, escondida, predestinada por Deus antes dos séculos para a nosa gloria. Ningún dos príncipes deste mundo a coñece, pois, se a coñecesen, nunca tivesen crucificado o Señor da gloria. Senón que, como está escrito: «Nin o ollo viu, nin o oído oíu, nin o home pode pensar o que Deus preparou para os que o aman». E Deus revelóunolo polo Espírito; pois o Espírito sóndao todo, incluso o profundo de Deus. Palabra do Señor.

- **MATEU 5, 17.20-22a. 27-28. 33-34a. 37 (Breve):** *Así se dixo aos antigos; pero eu dígovos.*

Narrador: Na aquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«Non que creades que vin abolir a Lei e os Profetas: non vin abolir, senón a dar plenitude ... Dígovos que se a vosa xustiza non é maior que a dos escribalos e fariseos, non entraredes no reino dos ceos. Oístes que se dixo aos antigos: **“Non matarás”**, e o que mate será reo de xuízo. Pero eu dígovos: todo o que se deixa levar da cólera contra o seu irmán será procesado. Oístes que se dixo: **“Non cometerás adulterio”**. Pero eu dígovos: todo o que mira a unha muller desexándoa, xa cometeu adulterio con ela no seu corazón. Tamén oístes que se dixo aos antigos: **“Non xurarás en falso e “Cumprirás os teus xuramentos ao Señor”**. Pero eu dígovos que non xuredes en absoluto. **Que o voso falar sexa si, si, non, non.** O que pasa de aí vén do Maligno».

Palabra do Señor.

(Narrador- Xesús)

12-feb-2017 - 6º-Ord-A

Ideas para unha posible homilía de eucaristía con familias

**A Palavra de Xesús é VIDA.
Con Mans Unidas leva vida, alimento.**

1. VER: Aprendices de Master Chef

- Na vida podemos elixir unha profesión e imos tomando decisións importantes que nos afectan a nós e aos que nos rodean. Podemos elixir entre o ben o ol mal.

Que consecuencias nos traen as nosas eleccións?

2. XULGAR: A Palavra de Xesús é VIDA

- No evanxeo deste domingo Xesús dilles aos discípulos e a nós: -“Non creades que vin abolir a Lei e os Profetas: non vin abolir, senón a dar plenitude”. E despois o vai explicando dicindo que non só “non matarás” senón tamén non insultar e o que é máis “reconcíliate co teu irmán”.

+ QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Que a Palavra de Deus nos ensina a elixir a VIDA, a plenitude:

* Non nos enganemos: **non abonda con “non matar”**, non facer mal. O que segue a Xesús elixe o camiño do ben, da entrega, de ser irmán de todos, de darse aos demais, de vivir reconciliado cando temos faltado a alguén. Esta é **“a sabedoría de Deus”** da que nos fala a 1ª lectura.

* Vivir a Palavra de Deus é vivir a VIDA, unha vida plena.

- Hoxe a Igrexa celebra a Campaña contra a fame de Mans Unidas. Recórdanos un feito doloroso: **“1/3 dos nosos alimentos acaba no lixo, mentres 800 millóns de persoas seguen pasando fame no mundo”**.

* Penoso pero certo ... “Non matar” é dar de comer o famento. Vivir reconciliado co irmán é non malgastar nin tirar alimentos.

Como ser máis comprometido coa fame do mundo?

3. ACTUAR: Con Mans Unidas leva vida, alimento.

4.

- Recordamos que Deus destinou o que hai na terra para uso de todos. **O mundo non necesita máis comida, necesita máis xente comprometida.** Comentemos o vídeo da campaña en manosunidas.org

- **Vemos que podemos facer** nós para contarlle isto aos nosos amigos, recadar fondos para subvencionar algún proxecto, etc.

- **Visitamos a sede de Mans Unidas e** vemos en que podemos colaborar e que proxectos subvencionan este ano no terceiro mundo.

Que estás disposto/a a facer? E o teu grupo?